

FACULDADE DE LETRAS  
INSTITUTO DE ARQUEOLOGIA

# CONIMBRIGA

*VOLUME XVI*



UNIVERSIDADE DE COIMBRA

1977

## ASPECTOS DEMOGRAFICOS DE LUCUS AUGUSTI. SEGUNDA MOSTRA (\*)

Pesia que Lucus Augusti é moi coñecido como lugar de hábitat román polo feito de ter sido capital de «conventus» xurídico e por conservar restos de carácter monumental (aumentado i espallado recentemente co gallo das obras de limpeza e restauración), coma o recinto amurallado completo de época baixo imperial, ou outros restos non menos intresantes coma o mosaico da rúa de Batitales, etc., soio derradeiramente encetou a despertar intrés todo o referente á sociedade, economía i evolución «integral» do Lugo román. Non se trata, (como se ten feito moitas veces), de botarmos loubanza sobre loubanza e achádego sobre achádego, pretendendo que éstos sexan sempre meliores e mais antigos cos da cidade ou da bisbarra veciña.

Neste novo orde de cousas, temos encetado o estudo dos aspectos demográficos do Lugo román. Pra elo, noutro lugar <sup>(x)</sup>, recollamos as vintecinco inscricións funerarias reutilizadas na

(\*) Este traballo constituía a segunda parte dun intento de tirar algunhas conclusións sobor da demografía antiga de Lugo, encetado nas Jornadas de Metodología aplicada de las Ciencias históricas celebradas en Abril de 1973 en Santiago de Galicia. O momento oportuno da súa presentación no III Congreso Arqueolóxico Nacional do Porto (Novembro 1973) xa se pode considerar «caducado». Noustante, o traballo, pequeno, aínda pode ter certo intrés pra o tema da demografía romana, anque a metodoloxía e os innumerabéis problemas que ésta plantexa, son decote moi discutidos. Preferimos conservar íntegro o testo orixinal tal como foi escrito en 1973, e unicamente actualizamos algúns detalles e citas bibliográficas (N. do A.).

P) F. ARIAS VILAS, «Aportación al estudio demográfico del Lugo romano», *I Jornadas de Metodología aplicada de las Ciencias históricas*, (Santiago de Compostela, Abril 1973), Santiago de Compostela 1975, I, p. 234 ss. Pra tódolos aspectos da fortificación baixoimperial, IDEM, *Las murallas romanas de Lugo*, *Studia Archaeologica* 14, Santiago 1972.

construcción do recinto serodio, co fin de chegarmos a algunhas conclusións provisionáis. Nembargantes, o ideal, e asín o sinalá-bamos entón, era realizarmos unha segunda mostra cos epígrafes, tamén funerários, non achados na muralla co fin de confrontá-remos ámbalas dúas e peneirar, no posible, os resultados. Pro non se pode decir que o intento tivera éxito.

De primeiras, plantexábase un problema de principio: a segunda mostra tiña que ser mais ampla no tempo, xa que non existía pra ela un termo «ante quem» como o era o recinto (segunda mitado do s. m) prá primeira. Pro ademáis, somentes coñecemos hoxe catro ou cinco lápidas funerarias, da cidade de Lugo e arrabaldos mais cercanos, que non teñan sido reutilizadas como material de construción. Certamente que ésto se pode deber ao simple azar á hora dos achádegos, (hai abundancia de destrucións e reformas na historia do recinto), pro en todo caso podemos considerólo, dalgún xeito, significativo <sup>(2)</sup>. A explicación deste forte desequilibrio pode atoparse cicáis no feito de que foran os camposantos e necrópolis a «canteira» de primeira man pra aproveitaren estes materiais, en tódolos casos, graníticos <sup>(3)</sup>.

Das inscricións a que facemos referencia agora, unha é seguro que non ten nada que ver co recinto (IRG II, n.º 43)<sup>(4)</sup>, outra apareceu perto da ponte sobre o río Miño, claramente nos arrabaldos da cidade (IRG II, 71), outra sen noticia exacta sobor do seu lugar de achádego, pro cicáis de San Salvador de Parga (Guitiriz, Lugo) (IRG II, 49) <sup>(4bis)</sup>, e, pra rematar, dúas aparecidas en

<sup>(2)</sup> Sobor dos problemas da representatividade das inscricións e o seu uso na demografía histórica, ved. derradeiramente, J. AGUILLELLA, F. MONTES, M. A. LOPEZ CERDA y B. PEREIRA, «Aplicación de la inferencia estadística a las inscripciones epigráficas latinas para la determinación de su representatividad», tamén en *I Jornadas de Metodología...* cit., I, p. 251 ss. con toda a bibliografía necesaria.

<sup>(3)</sup> Algo désto xa foi sinalado por I. A. RICHMOND, «Five town-walls in Hispania Citerior», *Journal of Roman Studies*, XXI, 1931, p. 90.

<sup>(4)</sup> IR IIG = F. VAZQUEZ SACO y M. VAZQUEZ SEIJAS, *Inscripciones Romanas de Galicia*, II, *Provincia de Lugo*, Santiago de Compostela 1954. Lápida funeraria referida a dous irmáns asasinados.

<sup>(4bis)</sup> Hoxe sabemos que esta lápida apareceu na Porta Nova da muralla, e non se pode, pois, contar eiquí con ela (N. do A. posterior á redacción orixinal do artigo).

lugares moi cercanos (caseque ao pé) á muralla e que plantexan a dúbida de si foron ou non reutilizadas naquela (5). De todas maneiras, non se alterarían moito, polo menos cualitativamente, as ideas espostas outras veces (véx. nota 1); polo contrario, habería que engadir unha unidade ao número de xente militar destinada en Lucus Augusti.

Pola pouquedá desta segunda mostra, parece superfluo facer listas e análises máis desmiuzados. Haberá que convenir en que a epigrafía funeraria de Lugo xa deu todo o que podía dar en canto á súa utilización pra nos aclarar algo encol da demografía da cidade en época romana. Haberá que pensar noutras fontes, moito menos seguras aínda, e se pode facer verbo d'isto unha breve recopilación daquelo co que contamos actualmente.

As inscricións non funerarias ofrecen moitos menos datos pra o seu uso na demografía antiga, pois soio algúns de carácter cualitativo poden ser útiles pra este fin(6). Ademais, a variedade destes epígrafes fai máis complexos aínda os problemas de representatividade denantes citados. As fontes testuáis redúcense practicamente ás liñas de Plinio sobor dos «capita libera» dalgúns conventos (entre eles o lucense), e varias veces se ten insistido ñas precaucións que se deben adoitar ao calculáremos a poboación absoluta de Lugo na época romana, e pensamos nun periodo de tempo que iría dende o 26/25 a.C. deica o primeiro decenio do s. v d.C.

Esisten aínda maiores atrancos e dificultades, hoxendía, pra o cálculo da densidade da poboación: á anterior falla de dato sobor do elemento humano, hai que engadir o precario coñecemento que hoxe temos da área urbana de Lugo. Na época altoimperial a nosa ignorancia é case total a pesares dos trazados propos-

(5) Trátase de IRG II, n.º 35 e dim derradeiro achádego: N. ARES VAZQUEZ, «Epígrafe de un veterano forastero en Lugo», *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos de Lugo*, IX, 1971-72, p. 3 ss.. Unha revisión da mesma en P. LE ROUX e A. TRANOY, «Notes d'Épigraphie romaine de Galice», *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Homaxe a D. Fermín Bouza Brey), XXVIII, 1973, p. 233 s.

(6) Por exemplo, cfr. G. GARCÍA MERINO, *Población y poblamiento en Hispania romana. El Conventus Chuniensis*, Valladolid 1975, por citarmos a aportación importante mais recente.

tos pra o campamento augústeo (7); éste ten de se buscar, a falla doutras fontes, por dous medios fundamentalmente: por únha banda, a análise de planos antigos da cidade, coma o do séc. xvm existente no Museo Provincial (8), pois é sobor deles e non sobor de planos urbanísticos actuais, onde poderemos atopar algún rastro. Por outro lado, a sistematización dos achádegos arqueolóxicos, epigráficos e numismáticos de toda erase en Lugo e o seu arrabaldo cercano, tanto os casuáis (tan abondosos) coma os que son resultado de escavacións estratigráficas, éstas nos dous derradeiros anos (9), co fin de delimitar as zonas arqueolóxicamente mais «fértils» e tencionarmos reconstruír sobre elas o trazado do primeiro núcleo urbán, percurándoo, máis que nada, no que chamariamos «Lugo vello».

En época baixoimperial, as murallas abranguen o presunto campamento orixinario, pro ademais é moi probable que deran cabida a espacios sen habitaren, cicais con vistas a daren acobillo e refuxio ás xentes do campo circundante nun intre de perigosa inseguridade. Asin o amosa a pouquedá de calquer tipo de achádegos na zona Este da cidade, por exemplo. Hay que ter ésto en conta pra non caermos no erro de calcular a poboación segundo o números de hectáreas intramuros (10) ou no de, de maior importancia aínda, de percurarmos por tódolos medios o «cardo» e o «decumanus» entre varias portas do recinto amurallado.

(7) Aceptado comúnmente e a oito a partires de A. SCHULTEN, *Cántabros y astures y su guerra con Roma*, Madrid 1943, p. 177. Un novo estado da custión en F. ARIAS VILAS, «Acerca de la topografía romana de Lucus Augusti», *Symposium de Ciudades Augusteas*, II, Zaragoza 1976, p. 63 ss. onde se desenrolan as ideas perxeñadas no traballo orixinal de 1973.

(8) Reproducido en ARIAS, *Las murallas...*, cit., fig. 3.

(9) As memorias destes traballos foron remitidas no seu día à Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas. O seu intrés consistiu en localizarmos zonas que podemos considerar habitadas, polo menos en época baixoimperial, no ángulo Noroeste da cidade, (intramuros), anque a zona escavada non é estensa e ós poucos e será menos, pois, os planos de urbanización están a piques de esgotar as xa escasas zonas «escavables» de Lugo. Un resumo das memorias devanditas en *Noticario Arqueológico Hispánico*, (Arqueología 5), no prelo.

(10) Así se ten feito por J. C. RUSSELL, «Late Ancient and Medieval population», *Transactions of the American Philosophical Society*, 48, 3, 1958, p. 74.

Outra fonte de coñecimento pra algúns aspectos da poboación de Lucus Augusti, sería a posibilidade de pescudar i estudar o referente aos enterramentos comúns (anepigráficos) en cistas de tella ou ladrillo ou lousa, co fin de termos algún número apróximado e tirarmos unhas ideas xerais de carácter antropolóxico físico <sup>(u)</sup>. Pro, de tódolos xeitos, estas análises soio serían unha parte, e cicáis non a maior delas, coa que haberla que contar á hora de tencionar unha visión clarificadora e de síntese.

Todos estes problemas que atinguen ao caso concreto lucense, teñen de se explicar ademáis, en última instancia, dentro da marcha xeral da poboación e o poboamento en época romana. Os conceptos xerais sobor do crecemento natural na devandita época, as liñas dominantes ñas migracións e, dende logo, as coiunturas políticas, militares e socioeconómicas poden, (e deben en boa lóxica) clarexar moitos aspectos demoxeográficos que hoxe non acertamos a comprender por esquencermos o contesto e as liñas xerais de evolución do Occidente antigo.

FELIPE ARIAS VILAS

<sup>(u)</sup> Pra escomenzar habería que contar provisoriamente con M. VAZQUEZ SEIJAS, «Enterramientos romanos», *Boletín de la Comisión... de Lugo*, cit. III, 1948, p. 194 ss. Véx. tamén ARIAS, «Acerca de la topografía romana...», xa citado.